



PoÃ±Ã¡monos Ã¡ espreita

Description



O segundo eixo Ã© a proposta de limitar o poder dos xueces de instrucciÃ³n e as dependencias do poder, por exemplo, os ministerios e os servizos secretos. Esta Ã© a proposta que fai o secretario xeral da Defensa Nacional (SGDN), Francis DelÃ³n, se ben parece que o ministro do Interior non Ã© partidario de incluÃ­r esas limitaciÃ³ns. (Foto: Mapa de localizaciÃ³n do SGDN).

En Francia empezan a tremer co proxecto de lei coñecido por LOPSI (Lei de orientaciÃ³n para a execuciÃ³n da seguridade interior) que se quere someter ao consello de ministros para o outono. O dÃ­a 24 de xuÃ±o, Le Monde adiantou o que poden ser os tres eixes, moi preocupantes, dese proxecto.

O chamado ficheiro Pericles ven ser unha base de datos que xa a policÃ­a foi poÃ±endo en marcha onde figuran cartÃ³ns de crÃ©dito, permisos de circulaciÃ³n, claves de telÃ©fonos mÃ³biles, facturas e moitos outros datos que nunca constan nos procedementos xudiciais. Ou sexa, moi na liÃ±a neocÃ³n tan cara a Sarkozy.

O segundo eixo é a proposta de limitar o poder dos xuíces de instrucións das dependencias do poder, por exemplo, os ministerios e os servizos secretos. Esta é a proposta que fai o secretario xeral da Defensa Nacional (SGDN), Francis Del Álamo, se ben parece que o ministro do Interior non é partidario de incluír esas limitacións.

E o terceiro eixo do proxecto de lei é o que chama á captacións informáticas e sonoras, que permitirán incluír nos ordenadores dos cidadáns un cabalo de Troia informático, sen o consentimento dos interesados, espionaxe do Estado aos cidadáns que haberán de estar autorizado por un xuíz.

Ou sexa, a Patriot Act de Bush en francés. É curioso: todos os políticos mediocres, e hoxe son maioría, devesen por eses pequenos trebellos informáticos, coma nenos pequenos. Porque son pequenos xoguetes cheos de comodidade.

Ese é o mundo que temos ao noso arredor. E pouco a pouco vai ser tamén o noso. Malos tempos para o ser humano.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Xullo 3, 2008

Meta Fields

Autoria : 10029

Datapublicacion : 2008-07-03 00:00:00